

Na crítica literaria desta semana, Mario Regueira analiza *Zonas de tránsito*, obra de Ramón Neto que gañou o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón do 2014.

## Espazos de transición

Mario Regueira

Ramón Neto é un autor caracterizado de forma especial por habitar un espazo alleo ao territorio convencional da literatura galega. Desprazado en Bruxelas desde finais dos anos noventa, os seus maiores éxitos literarios foron recibidos na capital belga, algo que predeterminou en boa parte a súa recepción entre nós. Desde o Pérez Parallé de 2009 a súa voz apareceu con certa frecuencia entre algúns dos premios máis relevantes da literatura galega, algo que lle permitiu configurar para ela un espazo pouco habitual onde poder percibir a súa personalidade. *Zonas de tránsito* gañou o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón do 2014 e o prólogo de Armando Requeixo non deixa de resaltar esta mesma característica. Ramón Neto é un autor que dialoga pouco, ou practicamente nada coa poesía galega precedente. Pode que tampouco coa contemporánea. Nós, porén, non vemos neste feito un elemento tan estraño. Ramón Neto escolleu un camiño solitario alleo a escolas, correntes ou modas. Un camiño que non é inédito na nosa cultura e que, con certa frecuencia nos ten deixado algunha da mellor poesía da nosa lingua.

*Zonas de tránsito*, de forma similar a outros libros do autor, caracterízase por practicar unha poesía caracterizada por dous factores. Dun lado, un certo hermetismo, común a algún dos referentes europeos explicitados na propia obra. Do outro, a dislocación do traballo poético cara espazos alleos aos que tradicionalmente lle foron adxudicados. A poesía de Ramón Neto parece ser en si mesma unha reflexión sobre os límites da linguaxe ou o expresábel, ou unha aposta pola construción dunha nova realidade. Dentro desas coordenadas é que habería que situar a vontade poética de narrar o inapreixábel que se percibe nos versos de *Zonas de tránsito*. Ramón Neto detense nos espazos de transición entre as cousas, os elementos que perden a capacidade da marabilla pola súa súa propia cotidianeidade, pola súa aparente irrelevancia, ou pola súa fugacidade. E evidentemente existe nesta perspectiva unha tentativa de capturar as fluencias da realidade, particularmente aquelas que se van apagando polo transcorrer do tempo, aínda que non sería isto o que máis destacaríamos da arte do autor. Se cadra, resaltaríamos a capacidade de Ramón Neto de realizar unha sorte de poética do non-lugar, tal e como o definiu Mar Augé, un espazo definido pola súa precariedade e transitoriedade e a súa incapacidade para albergar elementos históricos ou transcendentais. E unha das cousas máis interesantes da poética do autor que hoxe nos ocupa é a súa aposta por encher eses non-lugares de historia e de transcendencia.

Así, ao longo de *Zonas de tránsito* atopamos unha nova perspectiva sobre distintos elementos de transición. O poemario abre cun conxunto de poemas dedicados á noite e a forma na que define o encontro dun eu, atado aos seus propios límites, con outro ( *...Mete medo / o próximas que están as cousas, / e a sima que nos desvincula delas*). A tentación de pensar que se trata de dous amantes colocaríanos ante unha completa revisitación contemporánea dalgún dos temas máis tópicos da literatura. A este inicio centrado na noite seguen dúas partes que fan referencia ao sono. O primeiro refírese á fase R.E.M. do sono, que é aquela onde se producen as experiencias oníricas e que funciona, ao seu xeito, tamén como un límite.

Primeiro entre a realidade e o sono, pero tamén entre un tipo de sono e outro. Continúan estas referencias cunha parte que se refire á insomnia pero que está localizada nun voo nocturno e caracterizada polas súas fases. O non-lugar que supón un avión á noite énchese de reflexións e nocións transcendentales que chegan a tomar o control do voo (*Mentres a bordo todas e todos dormen ou durmiñan, é xa o poeta que -coa man esquerda- pilota o avión*). A seguinte sección do poemario, que leva como subtítulo *Breviario de pasos en falso* percorre as distintas vías nas que se dividen as posibilidades das nosas vidas en cada decisión (*O poema -se tal cousa aínda pode suceder- fica / na encrucillada de todos os posíbeis*). Finalmente, *Zonas de tránsito* remata cunha nova reflexión entre os límites do eu, a importancia do fluír como un elemento central da existencia e unha nova referencia a unha cotidianeidade da que porén non deixan de emanar todas estas cuestións.

Ramón Neto ofrécenos unha nova entrega dunha voz distinta e marcadamente persoal. Unha voz cun discurso ao que paga a pena atender.